



DECRETO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 680/2023 relacionado co expediente 192/2023

LISTA CANDIDATOS ENVIADOS POLO SEPEG PARA SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE PEÓN-LIMPIADORA , DENTRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

Vista a concesión de subvención ó abeiro do servizo denominado “contratación de peón de limpeza RISGA 2023” a través da subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través do programa de contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia, correspondente a Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F), publicada no DOG nº22, de 1 de febreiro de 2023.

Vistas as Resolucións de Alcaldía nº2023-0309 e 2023-0315, de datas 12/05/2023 e 18/05/2023 de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de peón de limpeza, dentro do servizo “contratación de peón de limpeza RISGA 2023” subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade segundo a orde de subvencións para o fomento do emprego de persoas en risco de exclusión social e corrección de erro.

Vista a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviado pola oficina de emprego de Redondela de data 19/05/2023 e nº 12-2023-5348.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista de posibles persoas candiadas para participar no proceso de selección enviada pola oficina de emprego de Redondela:

Número de oferta 12-2023-5348:

ALÉN MÍGUEZ AURORA

Segundo.- Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como datá límite o día 24 de maio de 2023.

Ademáis o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Coa solicitude deberá ir acompañada da documentación xeral indicada na base sétima de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de peón de limpeza, dentro do servizo “contratación de peón de limpeza RISGA 2023”





subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade segundo a orde de subvencións para o fomento do emprego de persoas en risco de exclusión social.

Terceiro.- Finalizada a fase de valoración dos criterios socio-laborais acreditados polos aspirantes, o tribunal seleccionador celebrará unha entrevista coa finalidade de avaliar as actitudes persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A entrevista realizarase o 26 de maio de 2023 ás 10:00 nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de apazamento calquera que for a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

Cuarto.- O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros:

Un presidente: Alejandro Reguera Varela

Secretario: Jose Antonio Lorenzo Pérez (con voz e voto).

Tres vogais:

1º María del Rosario González Sánchez

2º Roberto Carlos Costa Tellado

3ª David Rial Sobrino

Suplentes:

Presidente: Jose Manuel Soto Virulegio

Secretario: Araceli Gómez Fresco (con voz e voto).

Vogais suplentes:

Silvia Suárez Martínez

Raquel Villaverde Acuña

Francisco Sánchez González

Quinto.- Notificar ao tribunal cualificador adxuntándolle bases e convocatoria para “contratación de peón de limpeza RISGA 2023” subvencionado pola Consellería de Promoción Emprego e Igualdade segundo a orde de subvencións para o fomento do emprego de persoas en risco de exclusión social.

Sexto.- Publicar na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

En Pazos de Borbén,

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.

